


FICHA DO NÚCLEO

NR O Mosteiro

DNR - MOSTEIRO

Parroquias de Donas

Gondomar



TIPO DE NÚCLEO

Mononuclear pouco compacta definida nas Directrices de Ordenación do Territorio como: *asentamento no que existe unha certa separación entre as distintas casas por pequenos anacos de terreos libres, pequenas hortas. Forma tendente ao circular e límites nítidos.* Segundo recollen as DOT esta tipoloxía constitúe a forma fundamental e o tipo máis antigo de asentamento en Galicia.

CARACTERÍSTICAS DO NÚCLEO

CATEGORÍA de SOLO	Núcleo rural tradicional
SUPERFICIE	37.152,5 m ²
Nº de EDIFICACIÓNS	27
GRAO de CONSOLIDACIÓN	64 %

EVOLUCIÓN

Segundo os datos dos censos oficiais (IGE, ano 2019) a poboación actual de O Mosteiro é de 60 habitantes.

CONDICIONANTES DO ENTORNO

Implántase nun punto intermedio entre un monte elevado e a zona de cunca do río, nunha zona máis o menos cha. Unha disposición que fai que que domine lixeiramente sobre o territorio que descorre cara o este. A topografía non acada grandes desniveis como se ten indicado, rexistrando cotas que van dende os 79 aos 57 metros con respecto ao nivel do mar.

Está flanqueado polos núcleos rurais de A Barcalla, Nogueira e Souto na vertente norte e polo núcleo de Pereiro polo sur.

Trátase dun asentamento de carácter tradicional con desenvolvemento en torno a un punto central no que se localiza a igrexa parroquial. Unha estrutura que se conserva na actualidade.

CARACTERÍSTICAS DA EDIFICACIÓN

O tecido edificado é de baixa densidade, conformado por edificacións unifamiliares. Distingúense dous tipos de tecido; o rueiro tradicional, configurado a base de edificación de tipoloxía illada ou adosada e con disposición directa sobre a vía; o tecido disperso, resultado da disposición illada de edificacións, con disposición retrasada con respecto á vía.

Nas edificacións tradicionais predomina o tamaño de en torno aos 100-150 m² por planta, resultando as que exceden destes parámetros da suma de diversos volumes. As edificacións de construción máis recente aumentan lixeiramente esta superficie, aproximándose aos 150-200 m² por planta.

A altura é de planta baixa ou baixo máis unha altura xeralmente. As edificacións tradicionais non exceden destes parámetros.

SISTEMA VIARIO

O asentamento estruturase fundamentalmente en torno a estrada de Mosteiro. Trátase dunha vía de carácter secundario, con trazado orgánico e sección variable. Na parte oriental do núcleo as dimensións da vía se amplían para xerar unha pequena praza fronte a igrexa. Neste punto a densidade edificatoria é maior, dispóndose as construción a ambos lados da rúa. A vía conecta ao oeste coa estrada de Mosteiro-San Cibrán e ao sur coa estrada de Mosteiro-Nande. O seu trazado continúa cara o nordeste. Nunha escala inferior se identifican varios camiños peonís que dan acceso aos terreos de cultivo, como son o camiño do Souto e da Ameixeira. O camiño de Souto está asfaltado en formigón persistindo en estado natural o da Ameixeira.

A propiedade é municipal. Todas as vías están pavimento en formigón ou asfalto. O estado de conservación é regular.

A superficie total do viario é de 2.495,13 m².

SISTEMA de SERVIZOS URBANOS

Dispón dos servizos de abastecemento de augas e saneamento por rede pública, así como enerxía eléctrica, telefonía e alumeados, estes últimos subministrados por rede aérea.

As redes de abastecemento e saneamento non cubren a totalidade do ámbito delimitado polo que se propón a súa ampliación.

No caso da rede de abastecemento, para determinar o caudal preciso para atender as necesidades da actuación proposta aténdese á asignación de recursos para usos actuais e demandas actuais e futuras, reguladas na Orde de 29 de xaneiro de 2016, pola que se dispoñe a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real Decreto 11/2016, de 8 de xaneiro, sección 1ª, e o disposto no apéndice 6, para as dotacións de auga de abastecemento urbano. En base ao número de habitantes e o uso previsto, estímase unha dotación de 180 litros/persoa · día.

Segundo a información aportada pola empresa subministradora do servizo, o caudal teórico en condicións normais no lugar de O Mosteiro é de 8 l/s (691.200 l/día). O número de vivendas máximo estimado para o núcleo delimitado ascende a 101. Contando cunha media de 3 persoas por vivenda resulta un total de 303 persoas. O caudal existente cubriría, neste suposto, un total de 2.281,19 litros/persoa · día.

EQUIPAMENTOS, ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

O núcleo conta cunha fonte e un lavadoiro público. Mediante o presente instrumento non se prevé a reserva de espazos para ditos usos.

ÁREAS de ACTUACIÓN INTEGRAL

Non se establecen actuacións integrais no núcleo rural de O Mosteiro.